

PROGRAMACIÓN DE LATÍN 4º DE ESO
Curso 2021-2022

CPI Curros Enríquez
Pazos de Borbén (Pontevedra)

ÍNDICE

1. Introducción	3
1.1.Xustificación	3
1.2.Contextualización	5
2. Obxectivos	6
3. Competencias clave	8
4. Elementos curriculares. Temporalización por trimestres.....	9
5. Unidades didácticas. Distribución por trimestres e temporalización	26
6. Contidos transversais	27
7. Metodoloxía e materiais didácticos	28
7.1. Descrición xeral do método	28
7.2. Estratexias metodolóxicas para a práctica diaria da clase	30
7.3. Materiais e recursos didácticos	32
8. Avaliación	33
8.1. Procedementos e instrumentos de avaliación	33
8.2. Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e indicadores de logro .	36
8.3.Criterios de cualificación	36
8.4. Procedemento de avaliación final	37
8.5.Avaliación de materias pendentes	38
8.6. Avaliación da programación	39
9. Atención á diversidade	39
10. Contribución da programación ao proxecto lector	40
11. Plan de integración das TIC	41
12. Contribución da programación ao plan de convivencia do centro	42
13. Información ao alumnado e ás familias	42
14. Actividades extraescolares e complementarias	42

1. Introducción

1.1. Xustificación

A materia de Latín foi asignada este curso 2021-2022 ao Departamento de Lingua Castelá e Literatura do CPI *Curros Enríquez*, que xa a impartira en anos anteriores. A nosa programación didáctica, baseada no **decreto 85/2015** polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria en Galicia (**DOG do 29/06/2016**), está elaborada sobre uns principios básicos que resumiremos neste apartado inicial. Explicaremos aquí tamén a estrutura xeral da programación que se desenvolverá en páxinas posteriores.

A materia ten como principal finalidade introducir ao alumnado no coñecemento dos aspectos esenciais da lingua e cultura latinas para que, de xeito progresivo, profunde nelas e perciba o papel que desempeña o latín, non só como substrato lingüístico e cultural, senón como poderoso e rico instrumento propedéutico de comunicación e enriquecemento léxico das linguas propias. Nese sentido, contribúe de maneira fundamental á consecución dos obxectivos da ESO relacionados coas capacidades e destrezas lingüísticas, tanto orais como escritas, e tamén á consecución dos obxectivos que teñen como finalidade comprender o mundo contemporáneo e desenvolver a sensibilidade artística e literaria e máis o criterio estético.

Os contidos da materia están deseñados de xeito secuencial e graduado, e organizados por bloques. O primeiro bloque, de marcado carácter introdutorio, está dedicado ao latín como orixe das linguas romances, ao seu marco xeográfico e ao sistema da lingua latina, facendo fincapé na pronuncia do alfabeto latino e na remanencia de elementos lingüísticos latinos na lingua propia.

Os dous bloques seguintes dedícanse ao estudo dos aspectos netamente lingüísticos, a morfoloxía e a sintaxe. Pretendemos iniciar ao alumno nos conceptos de flexión e no estudo das estruturas oracionais latinas e os elementos que definen as súas construcións máis características, introducindo progresivamente estruturas máis complexas.

O seguinte bloque está relacionado co estudo da civilización latina, centrado nos seus aspectos históricos, sociais, políticos, relixiosos e artísticos. Especial importancia ten o estudo da mitoloxía, cuxa influencia foi decisiva na creación do imaxinario literario e artístico occidental.

O seguinte bloque está dedicado aos textos. Na aula traballaranse tanto a interpretación e tradución textuais como a creación de textos, e facilitaránselle ao alumno os contextos comunicativos nos que poida crear mensaxes orais e escritas en lingua latina nos que se exemplifiquen os contidos lingüísticos estudados.

Por último, dedícase un bloque ao estudo do léxico, entendendo que este resulta imprescindible para avanzar no coñecemento de calquera lingua. Dentro dese ámbito ponse especial atención na etimoloxía, non só porque pon de manifesto a remanencia das raíces latinas nas linguas modernas, senón porque axuda, ademais, aos alumnos a adquirir maior comprensión da súa propia lingua.

Este curso hai catro alumnos matriculados na materia de Latín 4ºESO. Como os coñecemos sobradamente, porque lle demos clase de Lingua Castelá en cursos anteriores, adaptamos a programación ao seu xeito de aprender, ás súas dificultades e calidades e, sobre todo, a base lingüística e gramatical que posúen. Por iso, un método novo de aprendizaxe: o método de **Cambridge**, un método natural e intuitivo de aprendizaxe da lingua, moi semellante ao que se utiliza na aprendizaxe de linguas estranxeiras vivas e semellante ao que usamos en anos anteriores (método Ørberg), pero aínda máis sinxelo e comprensible para os falantes galegos. A simplicidade das frases, a axuda do contexto e das imaxes facilitan a comprensión dos textos sen necesidade de dicionario e sen demasiada intervención do profesor. É unha aprendizaxe indutiva, espontánea, case na liña do que se vén chamando *aprendizaxe por descuberta*, onde o alumno é o auténtico protagonista do proceso de asimilación de contidos. É un método con afervoados seguidores no mundo enteiro. A orde que regula a educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (**DOG 29 de xuño de 2015**) recolle explicitamente a conveniencia dun método destas características. Di textualmente:

“É recomendable seguir un método natural en que as regras morfosintácticas se deduzan da práctica da lectura e da tradución, deixando para os cursos de primeiro e segundo de bacharelato un estudo máis pormenorizado”.

Esas son precisamente as características do método que escollemos: o do **Curso de Latín de Cambridge Unidade 1**. Naturalmente, completamos os contidos incluídos nese método de aprendizaxe cos contidos culturais e lingüísticos que permitan aos alumnos facerse unha idea da importancia da herdanza clásica que nos legou a romanización, unha

herdanza cultural, social e lingüística da que seguimos a gozar. Tamén é preciso un reforzo gramatical cara a final de curso, porque o método neste nivel inicial obvia algúns elementos gramaticais importantes, como o caso xenitivo.

1.2.Contextualización

Como dixemos no punto 1.1., neste curso hai catro alumnos matriculados en Latín 4º ESO, ningún dos cales mostra interese por estudar no futuro o Bacharelato da modalidade de Humanidades coa materia de Latín I. Aínda que para eles non é imprescindible esta materia, é un apoio importante para a súa competencia lingüística e para afrontar con éxito outras materias da ESO/Bacharelato. Programamos a clase tendo en conta que no seu caso non é unha materia con carácter propedéutico, senón que o importante é a aprendizaxe de tipo comunicativo e cultural

A profesora que vai impartir a materia, xefa do Departamento de Lingua Castelá e Literatura, xa coñece estes alumnos de anos anteriores: coñece o seu nivel de competencia lingüística, o seu estilo de aprendizaxe e os seus puntos febles. Iso permítelle adaptar un pouco a programación ás súas características. Por unha parte, simplificaremos algúns aspectos, e, por outra, complementaremos o método escollido (Curso de Latín de Cambridge) con contidos gramaticais, léxicos e culturais non contidos no libro para garantir que, en caso de que algún alumno cambie os seus plans e acabe cursando a opción de Humanidades, poida desenvolverse con comodidade nos estudos de Bacharelato.

Lamentablemente, as restricións impostas pola pandemia provocada polo COVID-19, limitan un tanto as posibilidades metodolóxicas, impedindo o traballo de grupo e certo tipo de interaccións orais cos compañeiros. Tentaremos compensar esta dificultade, que podería volver as clases monótonas e pesadas, cunha maior liberdade de escolla para os alumnos (dentro do estipulado na programación) e con distintas tarefas e proxectos con implicacións lúdicas.

2. **Obxectivos da materia de Latín 4º de ESO**

(extraídos dos obxectivos xerais da ESO recollidos no decreto 86/2015)

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación

entre persoas e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras nacións, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

3. Achegas de Latín 4º á consecución das competencias clave

A materia de Latín contribúe a desenvolver nos alumnos seis das sete competencias clave, tomando como base fundamental a **comunicación lingüística (CCL)**, que aparece en todos os bloques da área, nos seus cinco compoñentes: o pragmático, o sociocultural, o estratéxico e o persoal. Tamén contribúe a desenvolver a competencia de **aprender a aprender (CAA)**, dotando aos alumnos de recursos e estratexias de análise e comprensión, e facilitándolles mecanismos de indución. Finalmente, contribúe a desenvolver as competencias **sociais e cívicas (CSC)** e a **conciencia e expresión cultural (CEC)**, mediante o estudo e a comparación dos modelos sociais e políticos da antigüidade e os contemporáneos, e o estudo da arte, a mitoloxía e a literatura latinas como substratos identificables e esenciais do imaxinario cultural occidental.

Pero esta programación amplía esas competencias básicas ao incorporar contidos e criterios de avaliación relacionados coa **competencia dixital (CD)** e o **sentido da iniciativa e espírito emprendedor (SIEE)**, propondo contidos relacionados coa xestión e planificación de proxectos cooperativos ou procesos de busca de información e creación de contidos en contextos dixitais.

- Competencia en comunicación lingüística (CL): o Latín contribúe de modo directo na adquisición da competencia da Lingua oficial e cooficial, e axuda a utilizar a linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita.
- Competencia de aprender a aprender (CAA): o Latín favorece a reflexión, exercita a recuperación de datos mediante a memorización, e dota aos alumnos de recursos e estratexias de análise, comprensión e indución.
- Competencias sociais e cívicas (CSC): os alumnos aprenden a traballar sos ou en grupo (aínda que este ano o traballo en grupo deberá limitarse bastante pola situación de emerxencia sanitaria). Ademais, esta competencia adquirese co estudo da sociedade e da política no mundo antigo, como unha invitación á reflexión sobre a evolución da condición da muller, a orixe do pensamento

democrático, a importancia do diálogo, o respecto á opinión do contrario, e a tolerancia cara a outros xeitos de entender a vida.

- E, en especial, a materia de Latín contribúe á adquisición da Conciencia e expresións culturais (CEC). O grande patrimonio da Antigüidade Clásica latina no noso país debe ser coñecido polos alumnos e debe fomentarse o interese pola súa conservación. Ademais, trataremos de promover no alumnado a utilización das obras de arte como fonte de información e de estímulo para a formación do seu espírito estético.
- Competencia dixital (CD): os alumnos manexarán multitude de recursos dixitais en liña. Por outra parte, buscamos un achegamento ás fontes principais de información e a súa aplicación no proceso de aprendizaxe.
- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (SIEE): o estudo do Latín e a cultura latina estimula a capacidade creadora e de innovación, o sentido crítico e a responsabilidade, a capacidade analítica e organizativa.

4. Relación dos distintos aspectos curriculares para cada curso

Nas táboas seguintes relaciónanse os aspectos curriculares máis importantes correspondentes a cada un dos cursos da ESO: bloque de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, peso relativo do estándar (expresado en porcentaxes), mínimo esixible de cada estándar, temporalización (indicando o trimestre en que se traballan os contidos correspondentes a cada criterio/estándar), instrumentos e procedementos de avaliación, e competencias clave que se traballan e avalían en cada caso.

As dimensións do folio A4 desaconsellounos engadir unha columna referida aos contidos, pero debe interpretarse que os contidos que deberían aparecer en cada unha das ringleiras da táboa son os que o Decreto 86/2015, do 25 de xuño sinala como correspondentes a cada criterio de avaliación, que si aparecen referenciados na primeira columna das táboas. Pareceunos, por tanto, unha información redundante. Por outra parte, os contidos (enunciados dunha forma moi xeral no currículo oficial) concréntanse nunha táboa inferior (apartado 6 desta programación) onde aparecen enunciados da forma máis específica posible (dentro das necesidades de brevidade que supón unha táboa) para cada unidade didáctica de cada curso.

As **competencias clave** son exactamente as contidas na orde **ECD/65/2015, do 21 de xaneiro** (BOE do xoves 29 de xaneiro de 2015) que, pola súa parte, contén as que se recollen na **Recomendación 2006/962/EC, do Parlamento Europeo e do Consello**, do 18 de decembro de 2006, sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente. Na táboa que segue aparecen nomeadas por medio de siglas, que son as seguintes:

CCL: Comunicación lingüística.

CD: Competencia dixital.

CAA: Competencia para aprender a aprender.

CSC: Competencias sociais e cívicas.

CSIE: Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.

CEC: Conciencia e expresión cultural

TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO

CURSO	programación Latín 2021-22		
NIVEL	4º SECUNDARIA OBLIGATORIA	ÁREA	Latín (LA)

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	
LA-B1.2	4º-LAB.1.2.1 - Define o indoeuropeo e recoñece as linguas indoeuropeas e as súas familias, delimitando nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión. Peso: 1,2%	Coñece a orixe común da maior parte das linguas europeas e é capaz de identificar e colocar nun mapa as grandes familias lingüísticas indoeuropeas.	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Cuestionarios. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Cuestionario pechado.	CD CAA CMCT
LA-B1.3	4º-LAB.1.3.1 - Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan. Peso: 1,2%	Coloca no mapa as familias indoeuropeas, e sabe identificar a que familia pertencen as principais linguas europeas.	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Cuestionarios. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Cuestionario pechado.	CSC CAA CD

LA-B1.5	<p>4º-LAB.1.5.1 - Identifica e diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, en relación co termo de orixe.</p> <p>Peso: 3.6%</p>	<p>Relaciona palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos que proveñen do mesmo étimo, e sabe distinguir entre palabra patrimonial e cultismo entre vocábulos procedentes do mesmo étimo.</p>	X			<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Cuestionarios.</p> <p>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Cuestionario pechado.</p>	CCL CAA
LA-B1.6	<p>4º-LAB.1.6.1 - Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución.</p> <p>Peso: 1,2%</p>	<p>Realiza evolucións sinxelas de termos latinos ao galego e ao castelán a medida que se van estudando os distintos trazos evolutivos, sempre que estes trazos sexan facilmente identificables e as palabras resultantes da evolución sexan de uso común en galego e castelán.</p>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase.</p>	CCL CAA
LA-B1.1	<p>4º-LAB1.1.1 - Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.</p> <p>Peso: 1,2%</p>	<p>Distingue os períodos históricos da civilización de Roma, observando a súa extensión nun mapa. Distingue as provincias en que se dividiu o territorio de Hispania ao longo do tempo, e sinala a capital de cada provincia.</p>	X			<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Cuestionarios.</p> <p>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Cuestionario pechado.</p>	CMCT CCEC CAA CD CSC
LA-B1.4	<p>4º-LAB1.4.1 - Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola</p>	<p>Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola orixe as romances e as non</p>	X			<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Cuestionarios.</p>	CSC CAA CD

	súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan. Peso: 3.6%	romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.				INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Cuestionario pechado.	
LA-B2.1	4º-LAB2.1.1 - Recoñece diferentes tipos de escritura e clasifícaos consonte a súa natureza e a súa función. Peso: 1,2%	Coñece a existencia de distintos tipos de escritura e escribe o seu nome usando as distinta versións do alfabeto dos graffiti pompeianos.	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CD CCEC
LA-B2.2	4º-LAB2.2.1 - Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do abecedario latino, sinala as principais adaptacións que se producen en cada unha delas, recoñece os tipos de alfabetos usados actualmente en Europa e relaciona cada un coas linguas que os empregan. Peso: 1,2%	Recoñece os tipos de alfabetos usados actualmente en Europa e relaciona cada un coas linguas que os empregan. Coñece as pequenas diferencias existentes entre o noso alfabeto e o que usaban os romanos.	X			PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CAA CD
LA-B2.3	4º-LAB2.3.1 - Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta.	Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais.	CCL

	Peso: 3.6%						
LA-B3.1	<p>4º-LAB3.1.1 - Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.</p> <p>Peso: 1,2%</p>	É capaz de segmentar as palabras en tema e desinencia, identificando os casos da flexión e as desinencias verbais.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Caderno de clase.</p>	CMCT CCL
LA-B3.2	<p>4º-LAB3.2.1 - Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.</p> <p>Peso: 1,2%</p>	Distingue palabras variables e invariables.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Diario de clase.</p>	CAA CCL
LA-B3.3	<p>4º-LAB3.3.1 - Define o concepto de declinación e conxugación.</p> <p>Peso: 1,2%</p>	Comprende o concepto de declinación e conxugación.	X			<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Posta en común.</p>	CAA CCL
LA-B3.4	<p>4º-LAB3.4.1 - Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu</p>	Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaos segundo a súa	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Posta en común.</p>	CD CCL

	<p>enunciado e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación.</p> <p>Peso: 1,2%</p>	<p>categoría e a súa declinación.</p>					
LA-B3.4	<p>4º-LAB3.4.2 - Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.</p> <p>Peso: 3.6%</p>	<p>Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.</p>		X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase.</p>	<p>CCL CAA</p>
LA-B3.5	<p>4º-LAB3.5.1 - Identifica as conxugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conxugación a partir do seu enunciado.</p> <p>Peso: 3,6%</p>	<p>Identifica as conxugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conxugación a partir do seu enunciado.</p>		X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Posta en común.</p>	<p>CAA CCL</p>
LA-B3.5	<p>4º-LAB3.5.2 - Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conxugación.</p> <p>Peso: 1,2%</p>	<p>Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conxugación.</p>			X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Posta en común.</p>	<p>CCL CAA</p>

LA-B3.6	<p>4º-LAB3.6.1 - Identifica correctamente as principais formas derivadas de cada tema verbal latino: en voz activa o modo indicativo, tanto do tema de presente como do tema de perfecto; en pasiva, o presente, o pretérito imperfecto, o futuro imperfecto e o pretérito perfecto de indicativo.</p> <p>Peso: 1,2%</p>	<p>Identifica correctamente as principais formas derivadas de cada tema verbal latino: en voz activa o modo indicativo, tanto do tema de presente como do tema de perfecto; en pasiva, o presente.</p>		X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Posta en común. Caderno de clase.</p>	CAA CCL
LA-B3.6	<p>4º-LAB3.6.2 - Cambia de voz as formas dos tempos verbais do presente, pretérito imperfecto, futuro imperfecto e pretérito perfecto de indicativo.</p> <p>Peso: 1.2%</p>	<p>Cambia de voz pequenas frases co verbo presente.</p>			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase.</p>	CD CCL
LA-B3.6	<p>4º-LAB3.6.3 - Identifica formas non persoais do verbo, como o infinitivo de presente activo e o participio de perfecto.</p> <p>Peso: 1,2%</p>	<p>Identifica formas non persoais do verbo, como o infinitivo e o participio de perfecto.</p>		X		<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Posta en común.</p>	CAA CCL
LA-B3.6	<p>4º-LAB3.6.4 - Traduce correctamente ao galego e</p>	<p>Traduce correctamente ao galego e ao castelán diferentes formas</p>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.</p>	CCL

	ao castelán diferentes formas verbais latinas. Peso: 3,6%	verbais latinas.				INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Caderno de clase.	
LA-B4.1	4º-LAB4.1.1 - Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración. Peso: 3,6%	Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración.		X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Escala de observación. Diario de clase. Caderno de clase.	CMCT
LA-B4.2	4º-LAB4.2.1 - Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais funcións que realizan dentro da oración. Peso: 3,6%	Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais funcións que realizan dentro da oración.	X			PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CAA CCL
LA-B4.2	4º-LAB4.2.2 - Traduce correctamente á súa lingua os casos latinos presentes nos textos e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.	Traduce correctamente á súa lingua os casos latinos presentes nos textos e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Caderno de clase.	CCL

	Peso: 3,6%						
LA-B4.3	4º-LAB4.3.1 - Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso. Peso: 3.6%	Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Caderno de clase.	CCL
LA-B4.4	4º-LAB4.4.1 - Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica as súas características. Peso: 1,2%	Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica as súas características.		X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CMCT CCA CCL
LA-B4.5	4º-LAB4.5.1 - Compara e clasifica tipos de oracións compostas, e diferéncias das oracións simples. Peso: 1,2%	Compara e clasifica tipos de oracións compostas, e diferéncias das oracións simples.			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CAA CMCT CCL
LA-B4.6	4º-LAB4.6.1 - Recoñece, dentro de frases e textos sinxelos, as construcións de infinitivo e participio máis transparentes, e analizaas e tradúceas correctamente.	Recoñece, dentro de frases e textos sinxelos, as construcións de infinitivo e participio máis transparentes, e analizaas e tradúceas correctamente.			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CCL

	Peso: 1.2%						
LA-B5.1	4º-LAB5.1.1 - Distingue as etapas da historia de Roma e explica os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras. Peso: 1.2%	Distingue as etapas da historia de Roma e explica os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.	X			PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas.	CSC CSIEE CD
LA-B5.1	4º-LAB5.1.2 - Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente. Peso: 1.2%	Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente.	X			PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Posta en común. Resolución de exercicios e problemas.	CAA CCEC CSC
LA-B5.1	4º-LAB5.1.3 - Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información. Peso: 1.2%	Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Investigacións. .	CD CAA CMCT
LA-B5.1	4º-LAB5.1.4 - Describe algúns dos principais fitos históricos da civilización latina, e explica a grandes liñas as circunstancias en	Describe algúns dos principais fitos históricos da civilización latina.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Investigacións. .	CSC CCEC CCL

	que teñen lugar e as súas principais consecuencias. Peso: 1.2%						
LA-B5.2	4º-LAB5.2.1 - Describe os trazos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano. Peso: 1.2%	Describe os trazos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano.	X			PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CSIEE CSC CCL
LA-B5.2	4º-LAB5.2.2 - Describe a organización da sociedade romana e explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas, en comparación cos actuais. Peso: 3.6%	Describe a organización da sociedade romana e explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas, en comparación cos actuais.	X	X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Posta en común.	CSIEE CSC CCEC CCL
LA-B5.3	4º-LAB5.3.1 - Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, e analiza a través deles os estereotipos culturais da época en comparación cos actuais. Peso: 3.6%	Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, e analiza a través deles os estereotipos culturais da época en comparación cos actuais.	X	X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Posta en común.	CSC CCEC CCL

LA-B5.4	<p>4º-LAB5.4.1 - Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinala os trazos que os caracterizan e establece relacións entre os deuses máis importantes.</p> <p>Peso: 1.2%</p>	<p>Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina e sinala os trazos que os caracterizan.</p>			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Investigacións.</p>	<p>CCEC CCL CD</p>
LA-B5.5	<p>4º-LAB5.5.1 - Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, e sinala as semellanzas e as principais diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos.</p> <p>Peso: 1.2%</p>	<p>Recoñece o mantemento do mítico e da figura do here na nosa cultura, establecendo unha relación entre o tratamento actual e o do mundo antigo.</p>	X			<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Posta en común.</p>	<p>CAA CCEC CD</p>
LA-B5.6	<p>4º-LAB5.6.1 - Distingue e describe o modo de vida en Roma no ámbito privado, analizando os tipos de vivenda, alimentación, vestimenta e coidado persoal e contrástaos cos da actualidade.</p> <p>Peso: 3.6%</p>	<p>Distingue e describe o modo de vida en Roma no ámbito privado, analizando os tipos de vivenda, alimentación, vestimenta e coidado persoal e contrástaos cos da actualidade.</p>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS:</p> <p>INSTRUMENTOS:</p>	<p>CD CCEC CSC CCL CSIEE CCL CAA</p>

LA-B5.7	<p>4º-LAB5.7.1 - Describe as características dos tipos de espectáculos públicos celebrados no teatro, no circo e no anfiteatro, valora o seu mantemento no mundo actual e sitúa nun mapa os teatros, os circos e os anfiteatros conservados máis importantes.</p> <p>Peso: 1.2%</p>	<p>Describe as características dos tipos de espectáculos públicos celebrados no teatro, no circo e no anfiteatro e valora o seu mantemento no mundo actual.</p>			X	<p>PROCEDEMENTOS:</p> <p>INSTRUMENTOS:</p>	<p>CSC CSIEE CCL CMCT CCEC</p>
LA-B6.1	<p>4º-LAB6.1.1 - Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.</p> <p>Peso: 3.6%</p>	<p>Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.</p>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Textos escritos. Resolución de exercicios e problemas. Caderno de clase.</p>	<p>CCL CAA</p>
LA-B6.2	<p>4º-LAB6.2.1 - Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.</p> <p>Peso: 3.6%</p>	<p>Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.</p>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Escala de observación. Diario de clase.</p>	<p>CCL CAA</p>

LA-B6.3	<p>4º-LAB6.3.1 - Utiliza correctamente os manuais e o dicionario, analizando a información que proporcionan, para traducir pequenos textos.</p> <p>Peso: 1.2%</p>	<p>Utiliza correctamente os manuais e o dicionario, analizando a información que proporcionan, para traducir pequenos textos.</p>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Diario de clase.</p>	CCL CAA
LA-B6.4	<p>4º-LAB6.4.1 - Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias.</p> <p>Peso: 1.2%</p>	<p>Realiza comentarios orais sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias.</p>		X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as. Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais. Posta en común. Diario de clase.</p>	CCEC CCL
LA-B6.4	<p>4º-LAB6.4.2 - Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.</p> <p>Peso: 1.2%</p>	<p>Comprende os textos propostos e é capaz de sinalar o tema principal e as súas partes.</p>		X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Escala de observación. Diario de clase.</p>	CMCT CD CCL
LA-B6.5	<p>4º-LAB6.5.1 - Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un</p>	<p>Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un</p>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p>	CCL

	pequenos textos en latín sobre un tema proposto. Peso: 3.6%	tema proposto.				INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	
LA-B6.6	4º-LAB6.6.1 - Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado. Peso: 1.2%	Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado.		X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Producións orais. Lista de control/cotexo.	CCL
LA-B7.1	4º-LAB7.1.1 - Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia. Peso: 3.6%	Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Escala de observación. Resolución de exercicios e problemas. Diario de clase.	CAA CCL
LA-B7.1	4º-LAB7.1.2 - Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia. Peso: 3.6%	Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Escala de observación. Resolución de exercicios e problemas. Producións orais. Diario de clase.	CD CAA
LA-B7.2	4º-LAB7.2.1 - Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua.	Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, recoñecendo o seu mantemento na propia lingua.		X		PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CMCT CCL

	Peso: 1.2%						
LA-B7.3	4º-LAB7.3.1 - Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado. Peso: 1.2%	Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CCL
LA-B7.4	4º-LAB7.4.1 - Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua. Peso: 1.2%	Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua.	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas.	CD CSC CCEC CCL

* Indícase entre paréntese a porcentaxe de ponderación de cada instrumento de avaliación, no caso de haber máis dun, de cara a obter a cualificación final.

5. Unidades didácticas de Latín 4º ESO. Secuenciación e temporalización das unidades distribuídas nos tres trimestres.

O curso estrutúrase en 13 unidades didácticas: unha introdutoria (que designamos como unidade 0) e outras 12 das que seguen o método de Cambridge e correspóndense coas 12 escenas en que se divide o libro *Curso de Latín de Cambridge Unidade 1*, ás que se foron engadindo outros tipos de contidos non presentes no libro ou moi escasos nel, como a evolución fonética da lingua, os latinismos ou expresións latinas que permanecen no galego e no castelán e as familias de palabras (cultismos e patrimoniais) que se derivan do léxico latino estudado. Todas e cada unha das unidades combinan contidos de todos os bloques do currículo (morfosintaxe, léxico, textos, cultura e civilización) .

UNIDADE 0: INTRODUCCIÓN AO LATÍN		SESIÓNS: 8 MESES SETEMBRO /OUTUBRO
MORFOLOXÍA	<ul style="list-style-type: none"> • Abecedario, pronuncia e acentuación. O alfabeto latino. • A pronuncia clásica. • A pronuncia posclásica. A pronuncia eclesiástica. • A acentuación. A ‘lei da penúltima’. • Do indoeuropeo ás linguas romances. • A lingua latina, lingua do <i>Latium</i>. • A lingua latina, lingua do <i>Imperium Rōmānum</i>. • Caída do Imperio Romano de Occidente e aparición das linguas romances: latín culto e latín vulgar. • O latín, unha “lingua morta”, unha “lingua inmortal”. • Remanencia do Latín na historia: a lingua cultural de Europa. • Remanencia de elementos lingüísticos latinos. Termos patrimoniais e cultismos. 	
TEXTOS	Descrición dos materiais do curso de Latín de Cambridge.	
LÉXICO	<ul style="list-style-type: none"> • Léxico latino nas linguas modernas: compoñentes latinos nas linguas romances e xermánicas. • Cultismos nas linguas romances e xermánicas. • O léxico da ciencia e da técnica. 	

ROMA: HISTORIA, CULTURA, ARTE E CIVILIZACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • Roma e o Imperio Romano: visión histórica e xeográfica. Fontes para coñecer o pasado romano. • A romanización de Hispania. • Papel de Roma na historia de Occidente. • Papel de Roma na cultura de Occidente: manifestacións artísticas, culturais etc.
---	--

Unidades do método Curso de Latín de Cambridge:

1ª avaliación	
UNIDADES DIDÁCTICAS	TEMPORALIZACIÓN
SCAENA I: <i>CAECILIVS</i>	6 sesións (mes de outubro)
SCAENA II: <i>IN VILLA</i>	6 sesións (mes de novembro)
SCAENA III: <i>PANTAGATHUS, CELER, SYPHAX</i>	7 sesións (mes de novembro)
SCAENA IV: <i>IN FORO</i>	6 sesións (mes de decembro)
Reforzo gramatical: o caso xenitivo	2 sesións (mes de decembro)
2ª avaliación	
UNIDADES DIDÁCTICAS	TEMPORALIZACIÓN
SCAENA V: <i>IN THEATRO</i>	6 sesións (mes de xaneiro)
SCAENA VI: <i>FELIX</i>	7 sesións (meses de xaneiro/febreiro)
SCAENA VII: <i>CENA</i>	7 sesións (meses de febreiro marzo)
SCAENA VIII: <i>GLADIATORES</i>	7 sesións (mes de marzo)
Reforzo gramatical: 1ª e 2ª declinacións completas	2 sesións (mes de marzo)
3ª avaliación	
UNIDADES DIDÁCTICAS	TEMPORALIZACIÓN
SCAENA IX: <i>THERMAE</i>	7 sesións (mes de abril)
SCAENA X: <i>RETHOR</i>	7 sesións (meses de abril/maio)
SCAENA XI: <i>CANDIDATI</i>	7 sesións (mes de maio)
SCENA XII: <i>MONS VESVIVVS</i>	5 sesións (mes de xuño)
Repaso gramatical	3 sesións (mes de xuño)

6. Contidos de educación dos valores morais e sociais (contidos transversais).

Entre os temas de educación en valores, nesta programación atendemos especialmente á **prevención da violencia**, a **educación para a igualdade efectiva entre homes e mulleres** e a **non discriminación** por calquera circunstancia **persoal** ou **social**.

Para traballar estes contidos fomentaremos unha actitude de tolerancia e apertura a outras opinións, interpretacións e puntos de vista diferentes dos propios. Queremos que aprendan que ás veces da discrepancia nacen solucións máis ricas e integradoras que

cando hai unanimidade absoluta de pensamento. Non obstante, o principio básico que rexerá as nosas accións será sempre o da procura da verdade, seguindo a máxima latina *an veritas, an nihil*.

Criticaremos todas as mensaxes que supoñan discriminación sexual, racial, social etc. e estableceremos comparacións constantes entre o mundo antigo e o mundo actual para reflexionar sobre este tipo de contidos. Certos contidos ofrecidos no libro FAMILIA ROMANA dan pé para tratar estes temas, por exemplo: a situación da muller, os escravos, os nenos no mundo romano. Tamén dan pé a reflexionar sobre a **resolución de conflitos** nos ámbitos da vida, persoal e social e para promover os valores que sustentan as ideas de **liberdade, xustiza e igualdade**.

Pretendemos que xulguen os costumes dos romanos rexeitando aqueles que supoñen violación dos dereitos humanos e que recoñezan as achegas sociais e morais do mundo romano. Tamén queremos que valoren os **dereitos humanos** como unha conquista histórica.

7. Metodoloxía e materiais didácticos

7.1. Descrición xeral do método

Como sinalamos xa varias veces ao longo desta programación, o método utilizado é o famoso CURSO DE LATÍN DE CAMBRIDGE, un método indutivo-contextual de aprendizaxe do latín que foi autorizado para o ensino secundario (4º de ESO e Bacharelato) polas autoridades educativas competentes.

O método que utilizamos ten como principal apoio o libro 1 (Unidade I), na versión española de José Hernández Vizuete, catedrático de Latín. Nel cóntase a vida cotiá dos habitantes de Pompeia no século I d.C. xusto antes da erupción do Vesuvio que a sepultou. O libro está escrito en latín, (con brevísimas aclaracións en castelán) pero de principio a fin o texto está graduado de maneira que cada frase sexa intelixible por si mesma, *per se*, porque o significado de todas as palabras novas e a función das formas gramaticais dedúcense sen equívoco do contexto ou, se é necesario, das ilustracións e das notas marxinais que usan vocabulario aprendido previamente. Así non se necesita consultar un dicionario, analizar ou traducir para entender o significado. Tanto o vocabulario como a

gramática apréndense por observación de grande número de exemplos ilustrativos que conforman a coherencia do texto. Ademais, cada unidade contén varias listas de vocabulario para garantir a comprensión de cada un dos textos.

As ilustracións non só serven para explicar palabras que designan cousas concretas, senón tamén para ilustrar incidentes e situacións. Os debuxos seguen escrupulosamente modelos antigos: as prendas de vestir, o mobiliario, as casas etc. foron reproducidos segundo os datos que proporcionan os testemuños arqueolóxicos.

Nas notas gramaticais danse claves sinxelas gramaticais e léxicas para que o alumno comprenda plenamente os textos. Ao mesmo tempo, as relacións semánticas e gramaticais nas que están baseadas as explicacións sérvenlles aos alumnos para reforzar o seu coñecemento do sistema da lingua, tanto da propia lingua latina, como das linguas que empregan habitualmente como instrumento de comunicación.

Cada capítulo (que no libro se chaman “escenas”) está dividido nunha serie fixa de seccións, que son as seguintes: a) imaxes ou debuxos acompañados de frases curtas en latín; b) textos; c) vocabulario; d) breves explicacións gramaticais; e) actividades de aplicación; e) contidos de historia, cultura e civilización romanas.

As actividades teñen como fin asegurar a asimilación da gramática, o vocabulario e a comprensión do texto. A maioría das actividades son de tres tipos: a) exercicios gramaticais no que o alumno debe engadir as desinencias axeitadas; b) exercicios para encher espazos baleiros con palabras novas ou expresións que foron introducidas no capítulo; c) preguntas sobre o contido do texto ás que o alumno debe contestar con breves frases latinas. Estes tres tipos de exercicios farémolos preferentemente de forma oral para que a profesora verifique fácil e rapidamente a correcta comprensión dos contidos da *scaena*. Complementamos estas actividades con outras proporcionadas pola profesora, nas que intentamos que os alumnos se expresen en latín e se reforcen os contidos de cada unidade. Estes exercicios adicionais serán realizados preferentemente de forma escrita no caderno de clase.

7.2. Estratexias metodolóxicas para a práctica diaria na clase

Antes de empezar a ler unha unidade nova, presentaremos aos alumnos o vocabulario novo que aparecerá na escena. O vocabulario estará clasificado morfoloxicamente para facilitarlle o alumno a comprensión e o estudo posterior. Tamén presentaremos un conxunto de imaxes que proxectaremos no ordenador e que lles daremos aos alumnos fotocopiadas. A combinación de imaxes e palabras estimula os seus coñecementos lingüísticos previos e a súa capacidade de dedución, e facilita a asimilación do léxico. Por outra parte, a presentación visual dos contidos pode conducir a un breve debate sobre certos aspectos culturais. A profesora chamará a atención dos alumnos sobre detalles importantes mentres len en voz alta os nomes latinos e as novas palabras ilustradas.

Na presentación do texto procuraremos un emprego gradual do latín, sobre todo en instrucións sinxelas. A finalidade é afacer aos alumnos dende o principio a entender a lingua latina coas mínimas interferencias do galego ou do castelán. Cada alumno lerá en voz alta o texto seguindo as indicacións da profesora. Se a lectura se realiza con coidado, cunha pronuncia correcta e unha apropiada acentuación e agrupación das palabras, os estudantes descubrirán para a súa satisfacción que poden entender o texto inmediatamente sen necesidade de traducilo. De todos xeitos, a profesora asegurase de que todos e cada un dos alumnos entenderon o texto ata os seus mínimos detalles, para o cal poderá ordenar traducilo de modo oral total ou parcialmente. A profesora esforzase ela mesma en pronunciar correcta e claramente. Unha dicción lenta e esmerada axuda moito aos alumnos principiantes. Por outra parte, os alumnos deberán ter o libro aberto ante si de maneira que poidan ver a palabra escrita ao mesmo tempo que a escoitan.

Cando o profesor presente o texto por primeira vez saberá cales son as palabras e estruturas gramaticais novas para os alumnos grazas a unha lista de palabras novas que aparece na marxe final de cada capítulo. Como dixemos, o texto autoexplicativo garante que o significado de cada palabra nova e a función de cada nova forma gramatical se entenda a partir do contexto, pero unha entoación suxestiva, con xestos e axudas visuais será sempre de gran axuda para os alumnos, polo que nos esmeraremos nos aspectos paraverbais da comunicación. As respostas espontáneas dos alumnos serán xeralmente abundas para comprobar que o captaron todo, mestres que as miradas sorprendidas ou os fallos nas respostas revelarán as dificultades. Tamén a propia lectura dos alumnos

demostra se comprenden ou non o que len: a entoación e acentuación adecuadas da frase son indicios dunha correcta comprensión. Cando o texto conteña diálogos, adoitamos asignar os distintos papeis a diferentes alumnos, de xeito que o texto cobre maior sentido e viveza.

Tamén podemos comprobar a correcta asimilación dos contidos con preguntas sinxelas de resposta doada. Tanto na pregunta coma na resposta ha utilizarse exclusivamente a lingua latina. Só en último caso, cando nos quede dúbida de que algunha palabra ou forma gramatical fose comprendida correctamente por todos, pediremos aos alumnos que dean un equivalente en galego ou castelán. Porén, en moitos casos, se o texto foi presentado coidadosamente, a tradución tanto de palabras como de frases completas será seguramente superflua. Por suposto, a tradución ao español e ao galego das palabras e frases latinas estará sempre presente na mente dos alumnos, pero ao ler o texto animaráselles a concentrarse na comprensión directa do latín en lugar de obsesionarse polos equivalentes en castelán ou galego. Non obstante o contido neste parágrafo, sempre nos reservaremos, como queda dito con anterioridade, a posibilidade dunha tradución completa e literal, sobre todo naqueles alumnos con maiores dificultades nos contidos lingüísticos.

A explicación dos aspectos gramaticais farase seguindo as pautas contidas no manual do profesor. De todos modos, antes de dar explicacións gramaticais completas, preferimos que os propios estudantes formulen as regras despois de observar varios exemplos de formas gramaticais funcionando no seu contexto.

Ademais dos contidos do método *CURSO DE LATÍN DE CAMBRIDGE*, os alumnos deben aprender outros aspectos lingüísticos contidos no currículo da materia, sobre todo os que teñen que ver coa derivación do léxico latino nas linguas romances, o uso de cultismos e latinismos. Faremos coincidir o máximo posible o vocabulario introducido en cada capítulo do método cos contidos lingüísticos tanto de formación de léxico (derivación, composición, léxico culto e técnico ...) como de evolución fonética, de maneira que o alumno tome gradualmente conciencia da estrutura da súa propia lingua (galego ou castelán) e de estar mantendo vivos moitos séculos de tradición cultural e lingüística.

Os contidos culturais están contidos no propio método, aínda que se simplificaron ao máximo para que conteñan os aspectos fundamentais e non sexan aburridas explicacións históricas. Irán acompañadas de imaxes suxestivas e ilustrativas, non só en formato papel, senón sobre todo dixitais, que os alumnos poderán consultar a través do blog da clase *IDEM, EADEM, IDEM* (idemeademidem.blogspot.com) e na aula virtual.

A situación de crise epidémica fai bastante difícil a realización do traballo por proxectos, que viñamos levando a cabo en cursos anteriores. O proxecto de construción de edificios romanos utilizando o LEGO® ten que ser suprimido, pois é imposible que os alumnos manipulen as pezas sen riscos para a saúde. Mantemos a posibilidade de realizar unha xornada lúdica na ESO con xogos cos que se divertían os antigos romanos, aínda que nos parece bastante difícil pois a maioría dos xogos implican a manipulación de obxectos ou bólas compartidas, o que non se pode facer este ano.

7.3. Materiais e recursos didácticos

Os materiais e recursos didácticos principais que empregaremos no curso son:

- Volume I do método *CURSO DE LATÍN DE CAMBRIDGE, UNIDADE I*, versión española de José Hernández Vezuete, Servicio de prensa da Universidade de Sevilla.
- Manual do profesor, do mesmo método, autor e editora.
- Caderno dos alumnos: deben seguir as normas de utilización e presentación que indique a profesora e engadirlle algúns materiais fotocopiados breves que ela lles proporcione.
- Carpeta archivadora para os resumos de temas culturais, que lles axudarán a preparar os contidos de cultura e civilización.
- Textos, explicacións e actividades extraídas de distintos manuais ou deseñadas polo propio profesor (que haberá que incorporar ao caderno).

- Dicionario latín-español, español-latín da editorial VOX.
- Libros de lectura recomendada, dos que falamos no apartado 11 desta programación.
- Procesador de textos.
- Materiais multimedia: fragmentos de películas, gravacións de textos, cancións ...
- Blog de latín do CPI Curros Enríquez, creado e mantido pola profesora da materia. IDEM, EADEM, IDEM (idemeademidem.blogspot.com).
- Aula virtual da Consellería de Educación (Moodle).
- Outros recursos dixitais na rede, como páxinas web referidas a distintos contidos do curso e actividades interactivas ..., especialmente webs contidos en **chironweb**, un espazo de colaboración para profesores de clásicas.

8. Avaliación

8.1. Procedementos e instrumentos de avaliación

8.1.1. Avaliación inicial

Nas primeiras semanas do curso realizaremos a avaliación inicial dos alumnos. Ao ser unha materia nova para eles, non podemos facer unha proba escrita para identificar os seus coñecementos de latín, pois obviamente serán nulos. A avaliación inicial consistirá nun período de observación de dúas semanas aproximadamente no que estaremos atentos a:

- ✓ A adaptación dos alumnos ao método de estudo de Cambridge.
- ✓ As carencias gramaticais e léxicas que poidan ser obstáculo para un correcto aproveitamento do curso (competencia lingüística).

- ✓ A capacidade de organización dos estudantes para integrar os distintos bloques da materia (competencia para aprender a aprender, e autonomía e iniciativa persoal).

8.1.2. Avaliación durante o transcurso do ano escolar. Instrumentos de avaliación

A avaliación será **continua** de xeito que non será preciso establecer probas específicas de recuperación de avaliacións suspensas. Os coñecementos serán acumulativos e poderán ser avaliados en todo momento. A avaliación será sempre formativa co fin de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe, detectar deficiencias no método e na asimilación de contidos por parte dos alumnos, descubrir erros e mellorar o proceso de instrución. Se observamos que os problemas son xeneralizados, revisaremos a programación e a metodoloxía e estableceremos as correccións oportunas nas nosas estratexias de ensinanza.

Naturalmente, ha de haber uns procedementos de avaliación sumativa, que nos servirán para emitir un xuízo obxectivo sobre os resultados obtidos polos alumnos. Pode haber algunhas probas escritas para coñecer con máis exactitude que aprendizaxes foron asimiladas ou non ao finalizar dúas unidades, pero estas probas non suporán o principal instrumento de avaliación-cualificación, senón que a avaliación será continua, realizada todos os días, mediante a observación e rexistro do traballo oral ou escrito do alumno.

Os **instrumentos de avaliación** que utilizaremos ao longo de todo o curso son:

- Observación do traballo de clase e dos exercicios escritos no caderno.
- Valoración das actividades orais realizadas na clase e das tarefas para facer na casa.
- Traballo expositivo de investigación sobre un tema da súa elección.
- Pequenas probas escritas sobre os contidos esenciais das unidades.

Posto que os alumnos son sometidos todos os días a unha avaliación completa, xa que a profesora está, loxicamente, pendente do seu traballo, que é sobre todo oral e continuo (aínda que tamén realizarán actividades en soporte escrito e dixital), o **principal**

instrumento de avaliación é a observación e anotación exhaustiva das distintas actividades e tarefas realizadas a diario, que son sobre todo dos tipos seguintes:

1. Pronuncia e lectura en voz alta de textos latinos.
2. Exercicios gramaticais diversos: exercicios de ocos, de resposta breve, elección de desinencia para unha palabra inacabada ...
3. Tradución directa e inversa de textos sinxelos relacionados cos distintos aspectos da civilización latina. En cada *capitulum* vaise introducindo léxico novo relacionado cos aspectos do mundo romano, de xeito que as tradución se realizan sen necesidade de dicionario.
4. Respostas orais en latín a preguntas sinxelas da profesora, e participación en pequenos diálogos co profesor.
5. Preguntas de tipo cultural referidas aos temas de cultura e civilización romana que imos introducindo paulatinamente.
6. Actividades relacionadas coa herdanza lingüística de orixe latina nas linguas romances. En concreto, haberá sempre exercicios dos seguintes tipos:
 - a. Actividades de formación de palabras: proporcionar palabras derivadas ou compostas a partir de palabras latinas dadas ou formar familias léxicas de raíz latina, ou ben explicar o significado de palabras galegas e castelás con raíz latina.
 - b. Latinismos: significado e uso no contexto.
 - c. Evolución fonética explicada dende o étimo latino ata o castelán e o galego.

Non haberá exames tradicionais, porque, aínda que poidamos facer algunhas pequenas probas escritas de comprobación dos contidos mínimos, estas non suporán unha porcentaxe maior na cualificación e, en ningún caso, serán un instrumento privilexiado fronte aos demais instrumentos de avaliación.

8.2. Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e indicadores de logro.

Os criterios de avaliación son os contidos no decreto 86/2015 do 25 de xuño, concretados nos estándares de aprendizaxe que se especifican nese documento. Na táboa da alínea 4 desta programación xa consignamos os criterios e estándares que se aplican en cada unidade didáctica ao longo do curso. Para cada un deles establecemos catro indicadores de logro (numerados do 1 ao 4) coa seguinte lectura:

- ✓ **Nivel 1** → O alumno ten moitas dificultades para realizar a tarefa e consegue uns resultados moi pobres e insatisfactorios.
- ✓ **Nivel 2** → O alumno realiza a tarefa de forma parcial, con resultados pobres e sen poder completar todos as partes dos exercicios propostos. Necesita axuda do profesor.
- ✓ **Nivel 3** → O alumno completa a tarefa con resultados bastante satisfactorios, cometendo algún erro ocasional e precisando certa axuda do profesor para perfeccionala.
- ✓ **Nivel 4** → O alumno realiza de forma correcta a tarefa completa de forma totalmente autónoma.

8.3. Criterios de cualificación

Cualificación do trimestre

Para **calcular a cualificación global** do trimestre que se consignará no XADE e nos boletíns informativos que os alumnos levan a casa, hai que ter en conta que non hai exames tradicionais e que a avaliación realízase única e exclusivamente por estándares. Calculamos a media aritmética da cualificación de todas as actividades e tarefas referidas a un mesmo estándar para obter a cualificación do estándar correspondente.

Calculamos despois a media ponderada das cualificacións dos distintos estándares, tendo en conta que existen estándares normais (peso 1) e estándares especiais (peso 3), é dicir, que hai estándares cuxa cualificación supón o triplo do valor dos demais, como se deduce das distintas porcentaxes que consignamos nas táboas do apartado 4 máis arriba.

A este procedemento xeral para calcular a nota debemos engadir os seguintes aspectos:

1. Os proxectos de escritura e busca de información voluntarios e os libros de lectura voluntaria poderán servir para subir a nota ata un máximo de 1 punto por trimestre, dependendo do número de escritos entregados e a súa calidade, e do grosor e dificultade dos libros.
2. **Na segunda e terceira avaliación** o cálculo da nota terá en conta o traballo dende comezo de curso. Non se limitará aos estándares traballados no último trimestre, senón que se terán en conta todas as cualificacións ata o momento e, deste modo, será posible que o alumno recupere avaliacións suspensas mediante a avaliación continua, sen necesidade de probas específicas de recuperación. En caso de ter suspensa a avaliación anterior, o alumno pode recuperala superando a seguinte, xa que os estándares principais vanse incorporando ao longo de todo o curso. **Para obter a cualificación numérica que figurará no boletín da 2ª avaliación, calcularemos o 75% do resultado da avaliación por estándares do segundo trimestre e sumámoslle o 25% do acadado na primeira avaliación. Do mesmo xeito, a cualificación da 3ª avaliación será o resultado de aplicar a mesma operación entre os resultados do terceiro e o segundo trimestre.**

Desta forma, a nota que recibe o alumno en cada momento recollerá con rigor a avaliación continua e progresiva dende o comezo ata o final de curso. Particularmente, a nota da terceira avaliación recollerá o traballo de todo o curso, posto que o traballo consistirá e ir afondando progresivamente de outubro a xuño nos contidos básicos e nos distintos estándares de aprendizaxe.

8.4.Procedemento de avaliación final.

Como explicamos no apartado anterior (7.2.) a cualificación de xuño reflicte os resultados de todo o ano porque, de forma progresiva, recollerá as cualificacións de todas as avaliacións. Tendo en conta que as últimas probas escritas do terceiro trimestre recollen os contidos básicos de todo o ano, non é necesaria a realización dunha proba específica ou “exame global”, posto que todas as probas (escritas ou orais), ao longo de todo o ano, son globais en certa medida. Polo tanto, abonda con

aprobar a terceira avaliación da forma que se explicou detalladamente no apartado anterior 7.2. para ter recuperadas as avaliacións anteriores e, por conseguinte, aprobar o curso.

Tendo en conta as recentes modificacións no procedemento de avaliación (**orde do 25 de xanero de 2022, DOG do 11 de feberiro**), que suprimen as probas extraordinarias, o período comprendido entre a fin da terceira avaliación e a avaliación final sería o momento de traballar contidos de reforzo e recuperación para os alumnos que non acadaran o aprobado na terceira avaliación. Debemos dicir neste punto que é altamente improbable, co procedemento de traballo e a metodoloxía que empregamos na clase de Latín, que isto suceda, pero a programación debe recoller, sen dúbida, esta eventualidade. No caso improbable de que un alumno non aprobase a 3ª avaliación, traballaría de forma individualizada e sempre guiada pola profesora nos contidos básicos que non tiver superados (os que están sinalados nas táboas . O alumno deberá demostrar ao final do período de recuperación establecido certa soltura e autonomía neste traballo de recuperación. A realización satisfactoria destas actividades suporá a recuperación da materia e a obtención do aprobado, sen que o alumno/-a se teña que someter a exame global ou parcial ningún.

Por outra parte, os alumnos que aprobaran a terceira avaliación seguirán realizando actividades de ampliación, dun xeito máis lúdico e autónomo (traballo de investigación e exposición sobre un tema da súa elección, lecturas, xogos didácticos etc). A cualificación da avaliación final será a mesma cá da terceira avaliación, agás que o alumno se implique eficientemente e demostre un aproveitamento considerable destas dúas semanas de ampliación, en cuxo caso recibirá na avaliación final unha cualificación superior a 1 punto á da 3ª avaliación.

8.5. Avaliación de materias pendentes. Programa de reforzo. Actividades de recuperación. Recuperación de materias pendentes mediante a avaliación continua

Non hai alumnos de Latín coa materia pendente de anos anteriores. Esta circunstancia é imposible porque no centro non imparte ensinanzas de Bacharelato. Por tanto, non é pertinente este apartado.

8.6. Avaliación da programación

Consideramos esencial avaliar a nosa programación e a nosa actuación como profesores. Ademais de reconsiderar periodicamente se imos cumprindo os obxectivos do curso, se imos aplicando os principios metodolóxicos que propuxeramos e se estes conseguen o efecto desexado, tamén nos interesa a opinión dos propios alumnos. Por iso entregaremos aos alumnos cara ao final de curso un cuestionario cuxas respostas nos axudarán a rectificar a programación con vistas ao curso seguinte.

Os proxectos e traballos escritos son outro instrumento axeitado para reflexionar detidamente sobre a marcha do curso e o grao de cumprimento da programación. O resultado final dos traballos de investigación servirán para axustar a programación e comprobar se realmente foron útiles para a adquisición das competencias ou se, polo contrario, resultaron unha perda de tempo ou demasiado ambiciosos e difíciles de poñer en práctica. Neste caso teremos que retocar a programación.

Anotaremos a diario os contidos traballados en cada clase, as actividades realizadas na hora de clase, as que quedaron sen terminar ou corrixir e as tarefas para realizar na casa. A revisión do caderno de clase, periodicamente e a final de curso, é outro medio de avaliar a programación e axustala. Analizados estas anotacións é fácil decatarse, por exemplo, dos contidos nos que nos demoramos demasiado e que supuxeron un retraso para o cumprimento da programación.

9. Atención á diversidade

Os seis catro matriculados este ano na materia de Latín son bastante homoxéneos en canto a capacidades; non hai diferencias salientables en canto a estilos de aprendizaxe nin necesidades educativas especiais. De todas formas, como cada estudante é distinto e a materia é nova para eles, contemplamos diferentes niveles de consecución dos obxectivos para facilitar que todos os alumnos que a cursan poidan conseguir a cualificación de aprobado. Nas primeiras semanas observaremos as dificultades que lles supón o traballo na clase e estableceremos o nivel de realización das actividades, de tal xeito que tras realizar a batería de exercicios por capítulo que se considera básica, no caso de que algún alumno presenten deficiencias nun determinado aspecto gramatical, poidan facer máis

práctica mediante exercicios escritos ou a través de actividades dixitais interactivas ou de materiais subidos á aula virtual.

Tamén contemplamos a posibilidade de que os alumnos aos que lles sexa imposible asimilar os contidos culturais realicen pequenos traballos de investigación onde demostren que poden buscar información, seleccionala, procesala e transmitila axeitadamente. Estes traballos servirán de recuperación dos contidos culturais.

O sistema progresivo de avaliación é outra medida de atención á diversidade que utilizamos cada ano, xa que permite aos alumnos recuperar os contidos suspensos en calquera momento do curso sen se someteren a exames específicos de recuperación.

10. Contribución da programación ao proxecto lector

Todas as materias da área lingüística son axeitadas para contribuír ao fomento da lectura. Pola súa propia natureza, poden colaborar eficazmente aos obxectivos propostos no proxecto lector do centro. Numerosas actividades da aula perseguen a adquisición da competencia lectora, xa que implican a lectura de fragmentos literarios ou históricos. Pero a programación contempla tamén accións específicas de fomento da lectura, que son as seguintes:

- Lectura de novelas enteiras. Trátase de obras recomendadas para os alumnos. A súa lectura será voluntaria e permitirá subir a nota da avaliación sempre que o alumno demostre que leu integramente a obra. Ademais haberá que realizar un pequeno traballo de análise, investigación e comentario da obra a través dunha guía de lectura que proporcionará a profesora. Ao rematar o traballo, o alumno exporao aos demais compañeiros. A recompensa na nota por este concepto pode chegar a 0,75 puntos, como indicamos no apartado 7.3. desta programación.

As lecturas recomendadas este ano son:

- Andrews, Jean-Pierre: *Héroes de Roma en la antigüedad*. Anaya
- Deary, Terry: *Esos depravados romanos*. Molino.
- Gándara, Lola: *Guárdate de los idus*. SM. Gran Angular.

- -----: *La oscura luz del Tíber*. Edebé.
- Lawrence, Caroline: *Ladrones en el foro*. Salamandra.
- Lillo Redonet, Fernando: *El aprendiz de brujo y otros cuentos de Grecia y Roma*.

A guía de lectura ten por obxecto facilitar a comprensión do libro, pero tamén chamar a atención do lector sobre aspectos culturais do mundo antigo recollidos na novela relacionados cos obxectivos da materia.

O blog de latín do CPI Curros Enríquez tamén ten a función, entre outras, de dar a coñecer obras de lectura atractivas e útiles para os alumnos de 4º.

11. Plan de integración das TIC

O método de Cambridge, que utilizamos nas nosas clases de latín, é idóneo para a aplicación das TIC á práctica docente. No apartado dedicado a materiais e recursos didácticos (epígrafe 7.3.) xa sinalamos algúns recursos en internet. Utilizaranse ao longo do curso e serán os propios alumnos os que consulten os variados recursos que recollen esas páxinas e traballen con eles.

Outras páxinas interesantes que consultaremos e utilizaremos esporadicamente son:

www.culturaclasica.com

www.gratumstudium.com

www.estudiosclasicos.org

www.clasicas.usual.es

almacendeclasicas.blogspot.com.es

www.chironweb.org

Ademais das páxinas web, utilizaremos o noso blog de clase *idem, eadem, idem, (idemeademidem.blogspot.com)* onde iremos colocando fotos, vídeos, enlaces, actividades interactivas etc. E, por suposto, a aula virtual da Xunta de Galicia (que opera con Moodle), onde se lles irá proporcionando aos alumnos os apuntamentos, imaxes, enlaces a páxinas web, actividades interactivas que precisen para superar o curso. Tamén nos serve para enviar e recibir tarefas, minimizando o uso de papel, cousa que este ano é moi recomendable por mor do coronavirus.

O método que utilizamos é ideal para traballar na propia aula co encerado dixital e tamén na aula de informática cos ordenadores persoais. Os alumnos que teñan conexión a internet nas súas casas poderán traballar dende alí nas páxinas vinculadas ao curso.

12. Contribución da programación ao plan de convivencia do centro

A nosa programación pretende contribuír ao clima de convivencia que desexa toda a comunidade educativa do CPI *Curros Enríquez*; por iso programamos numerosos exercicios de interacción oral ao longo do curso, nos cales atendemos a:

- aceptación e respecto aos demais
- cumprimento das normas da comunicación en grupo (petición de palabra, respecto de quenda, escoita activa ...)

En caso necesario, corrixiremos as accións que se aparten do clima de convivencia que queremos lograr no centro, e reforzaremos os comportamentos positivos.

Nas actividades de comprensión oral e escrita, estaremos atentos aos usos da lingua que supoñan calquera tipo de discriminación social, sexual, racial ou doutro tipo.

13. Información ao alumnado e ás familias

O primeiro día de clase informamos aos alumnos dos contidos esenciais, as normas de traballo e convivencia na aula, os procedementos de avaliación e os criterios de cualificación. As familias terán acceso ás programacións a través da páxina web do centro para consultar os puntos de interese en relación co seguimento dos seus fillos. A profesora da materia estará a disposición dos pais para explicarlles todo os aspectos relativos á organización e desenvolvemento do curso que non lles quedasen claros tras a lectura do documento.

14. Actividades extraescolares e complementarias

É practicamente imposible realizar unha programación de actividades extraescolares coa actual crise sanitaria e con só seis alumnos na materia. Quizais se podería realizar como

actividade complementaria, propoñemos a realización dunha xornada lúdica con xogos típicos romanos en distintos espazos do centro (patio, ximnasio, biblioteca...) onde os alumnos de latín fagan de coordinadores dos demais alumnos, pero é unha cuestión que aínda teremos que estudar segundo á evolución da pandemia e o desenvolvemento do curso.